

Xornal » [Ampliado o prazo de matrícula dos cursos do Módulo Jean Monnet](#)

[Seccións](#)

[Xornal](#)

[Resumos de prensa](#)

[Axendas](#)

[Publicacións](#)

[Entrevistas](#)

[Opinión](#)

[Aconteceu](#)

[Taboleiro](#)

[Redacción](#)

## Ampliado o prazo de matrícula dos cursos do Módulo Jean Monnet

### Son dúas propostas formativas sobre Integración Europea e Dereito Privado e ao redor do Goberno Corporativo e a Responsabilidade Social das Empresas

Actualizada: 03-03-2011 12:23



As persoas interesadas en [matricularse](#) nos cursos do Módulo Jean Monnet disporán de prazo ata o próximo 10 de marzo, logo de que os organizadores destas xornadas ampliasen o prazo de inscrición. Malia a súa orientación xurídica, estes cursos teñen unha clara vocación multidisciplinar estando abertos a estudantes de todas as titulacións da USC, que poderán validalos como créditos de libre configuración.

Integración Europea e Dereito privado, por unha banda, e Goberno Corporativo e Responsabilidade Social das Empresas, por outro, serán os temas que se aborden nestas dúas propostas formativas da Área de Dereito Mercantil coa participación do Centro de Estudos e Documentación Europeos da USC.

O curso 'Integración europea e dereito privado', que alcanza este ano a súa oitava edición, celebrarase entre os días 17 e 24 de marzo no Salón de Actos da Facultade de Dereito. O seu programa centrarase na análise de cuestións relacionadas coa evolución do proceso de integración europea, o consumo, a publicidade ou a contratación a través de internet.

Baixo o lema 'Goberno corporativo e responsabilidade social' a sexta edición deste curso repasará as principais reformas no goberno das empresas en España, Europa e en Estados Unidos. O programa desta proposta formativa estenderase do 7 ao 15 de abril, tamén no Salón de Actos da Facultade de Dereito

As distintas intervencións incluídas nos programas de ambos os dous cursos impartiran as especialistas xurídicas da USC así como doutras universidades como a de Valladolid, Complutense de Madrid, Alcalá de Henares ou Hamburgo. Para acadar máis información, as persoas interesadas poden dirixirse ao enderezo de correo electrónico [elena.carrillo@usc.es](mailto:elena.carrillo@usc.es).